

6.—*GARANTÍAS:*

Definitiva: 5% do valor máximo estimado do lote adxudicado.

7.—*PRESENTACIÓN DE OFERTAS:*

Segundo o disposto na cláusula 12ª do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares:

- Prazo: 15 días naturais contados desde o seguinte á publicación do anuncio de licitación no BOP.
- Lugar: no Rexistro Xeral do Concello de Cangas ou por correo.

8.—*APERTURA DE OFERTAS*

Anunciarase no perfil do contratante do Concello.

9.—*GASTOS DE PUBLICIDADE*

Os gastos derivados da publicación dos anuncios de licitación serán por conta do adxudicatario.

Cangas, 19 de decembro de 2013.—O Alcalde-Presidente, José Enrique Sotelo Villar. **2013011524**

* * *

O GROVE**A N U N C I O**

O Pleno municipal aprobou inicialmente a modificación do regulamento da biblioteca municipal e das axencias de lectura no Concello do Grove. Durante o prazo de exposición pública non se formulou reclamación ningunha contra este, polo que resultou definitivamente aprobado e publícase o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia para que entre en vigor.

Edítase para xeral coñecemento e faise constar que contra o acordo e a modificación do regulamento aprobada se pode interpor un recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, que comezarán a contar desde a data desta publicación.

**MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DA BIBLIOTECA MUNICIPAL
E DAS AXENCIAS DE LECTURA DO CONCELLO DO GROVE**

O actual regulamento das bibliotecas data de 2005, pero hai diversos motivos que fan necesaria unha revisión do apartado do préstamo.

As novas necesidades dos usuarios están a dar lugar a diferentes usos e demandas no que se refire ao préstamo do material librario.

Así mesmo, como reflexo das esixencias da actual sociedade da información, estamos asistindo á introdución nas bibliotecas de recursos non librarios tales como lectores de libros electrónicos, equipamento audiovisual e aqueles outros de igual carácter, susceptibles de préstamo, que poidan ser incorporados posteriormente ás ditas utilidades.

As bibliotecas do Grove incrementaron considerablemente o fondo audiovisual e, ademais, veñen de incorporar varios aparellos lectores de libros electrónicos.

Tamén se contempla nun futuro próximo a incorporación do servizo de préstamo de libros electrónicos e outros equipamentos como ordenadores portátiles ou tabletas.

Por todo o comentado, o apartado dedicado ao Servizo de Préstamo do regulamento quedou obsoleto e precisa ser actualizado da seguinte forma:

Supresión do artigo 12, “Servizo de materiais audiovisuais e sonoros: normas de uso e funcionamento”

Cambio dos artigos 16 e 20, que quedarán redactados da seguinte forma:

ARTIGO 16. SERVIZO DE PRÉSTAMO

1. Establécense 3 tipos de préstamo:
 - a.) Individual: a persoas físicas
 - b.) Interbibliotecario: entre bibliotecas
 - c.) Colectivo: a institucións, organismos, asociacións, centros de ensino, profesorado, investigadores ou grupos de persoas (mediante lotes de libros)
2. Serán obxecto de préstamo toda a colección bibliográfica e audiovisual existente nas bibliotecas, excepto os fondos que se enumeran a continuación:
 - a.) Os manuscritos, incunables, raros e preciosos, se os houber nalgunha das bibliotecas.
 - b.) Os exemplares únicos que, por non estaren á venda nos comercios, sexan dificilmente dispoñibles.
 - c.) Os doados á biblioteca coa condición expresa de non seren obxecto de préstamo.
 - d.) As enciclopedias, dicionarios e/ou atlas e, en xeral, as obras de consulta ou de uso moi frecuente que determine o/a bibliotecario/a.
 - e.) Os que teñan carácter de únicos pola singularidade da súa encadernación, por teren dedicatorias manuscritas, debuxos orixinais, notas ou comentarios manuscritos de personalidades.
 - f.) As obras que, polas súas características especiais, quedan excluídas do préstamo por decisión do persoal bibliotecario.
3. Para a obtención dos préstamos individuais é preciso ter o carné de usuario/a. Só se lles realizarán os préstamos ás propias persoas que figuren no carné de lector/a, que é persoal e intransferible para cada individuo, ou a familiares directos. Este carné deberá ser amosado sempre que queiran usar o servizo de préstamo ou lles sexa solicitado polo persoal da biblioteca.
4. Os/as lectores/as poderán retirar dunha vez, ou en préstamo sucesivos, ata cinco documentos. Porén, o persoal bibliotecario poderá autorizar, cando o considerar conveniente, a determinados/as lectores/as e en determinadas circunstancias, retirar un número maior.
5. A duración do préstamo de libros é de 15 días, renovable dúas veces por un período idéntico de 15 días de cada vez. En total, son 45 días naturais. Non procederá a prórroga cando o libro de que se trate fose solicitado en reserva.
6. O período máximo de préstamo dos materiais audiovisuais é de 7 días, prorrogable dúas veces, sempre que o material non estea en lista de espera. En total, son 21 días naturais. Non procederá a prórroga cando o material de que se trate for solicitado en reserva.
7. O tempo de préstamo conta a partir do día en que levou o material. Unha vez transcorrido o período máximo de préstamo, reclamarase por teléfono, por correo electrónico ou por carta o documento ou documentos prestados.

No caso de que, logo de efectuada esta reclamación, non for devolto o material prestado, poderáselle enviar ao/á usuario/a unha notificación a través da Policía Municipal.
8. Os/as usuarios/as deben asegurarse, previamente, de que o libro ou material que desexan non se atopa prestado. No caso de que estea prestado, poderán apuntarse nunha lista de espera. Avisaráselles por correo electrónico no momento en que estea dispoñible o libro ou material solicitado.
9. As bibliotecas quedan autorizadas para establecer, na condición de reciprocidade, convenios con outras bibliotecas para o préstamo interbibliotecario.
10. Así mesmo, as bibliotecas quedan autorizadas para realizar préstamos colectivos a entidades, centros de ensino, asociacións ou grupos de persoas que o soliciten. Neste caso, quen soliciten terán que nomear unha persoa responsable. O número de fondos e o tempo de préstamo será a convir entre o persoal bibliotecario e os/as solicitantes, dependendo do tipo de fondos solicitados e das necesidades.

11. A utilización do servizo de préstamo supón, por parte do/a usuario/a, a aceptación da normativa que o regula.

ARTIGO 20. INFRACCIÓNS E SANCIÓNNS

1. A demora na devolución dos materiais será sancionada con 1 día de suspensión por cada documento e día natural de demora a partir da data de devolución.
2. As sanciónns serán acumulativas.
3. O atraso reiterado na devolución dos fondos comportará unha suspensión temporal maior do servizo de préstamo da Rede de Bibliotecas do Grove, que será definitiva cando se produzan ata un máximo de tres atrasos reiterados.
4. No caso de que, logo de efectuadas tres reclamacións, non fose devolto o material prestado, poderase retirar o carné de usuario/a e a perda do dereito ao préstamo nas bibliotecas da Rede de forma definitiva.
5. O/a usuario/a será responsable de calquera tipo de material da biblioteca tomado en préstamo e comprométese a velar pola súa integridade e boa conservación, xa que queda baixo a súa custodia, e deberá devolvelo no mesmo estado en que lle foi prestado.
6. En caso de perda, roubo ou deterioración, o/a usuario/a deberá repoñer o documento e, se estiver esgotado, deberá adquirir outro de características similares que será proposto pola biblioteca. A non reposición suporá a retirada do carné de usuario/a e a perda do dereito ao préstamo nas bibliotecas da Rede de forma definitiva, independentemente das medidas administrativas ou legais que dispoña a lexislación vixente.
7. O/a usuario/a que non observe as condicións debidas de comportamento, que realice un uso indebido dos servizos das bibliotecas ou incumpra as normas contidas neste regulamento poderá ser expulsado da biblioteca e, en casos moi graves, retiraráselle o carné de lector de forma definitiva, independentemente das medidas administrativas ou legais que dispoña a lexislación vixente.
8. No caso de que se sorprenda algunha persoa intentando sacar das bibliotecas calquera tipo de fondo destas sen pasar polo servizo de préstamo ou sen o coñecemento e autorización do persoal bibliotecario, retiraráselle o carné de lector de forma definitiva, independentemente das medidas administrativas ou legais que dispoña a lexislación vixente.

Engadir as seguintes disposicións:

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA. PRÉSTAMO DE LIBROS ELECTRÓNICOS

1. Poderán usar este servizo os/as usuarios/as da Rede de Bibliotecas do Grove con carné de lector/a, maiores de 16 anos, sempre que non estean sancionados/as. Deberán contar cun dispositivo compatible e unha conta de correo electrónico.
2. Normas de uso e préstamo
 - a.) Os/as usuarios/as deberán solicitar a inscrición no servizo acudindo á biblioteca municipal do Grove co seu carné de lector/a.
 - b.) É posible tomar libros electrónicos en préstamo independentemente do número de exemplares noutros soportes que se tomen en préstamo da Rede de Bibliotecas do Grove.
 - c.) Cada lector/a poderá tomar en préstamo ata un máximo de dous libros electrónicos de forma simultánea e reservar o mesmo número.
 - d.) A duración do préstamo será de quince días, con posibilidade de renovar unha vez polo mesmo período. A renovación deberá xestionarse durante os tres últimos días do préstamo.
 - e.) Non procederá a prórroga cando o libro electrónico de que se trate for solicitado en reserva ou se ao renovar o préstamo se supera o número máximo de préstamos simultáneos por lector/a.

- f.) Rematado o prazo de préstamo, o libro electrónico deixará de ser accesible desde os seus dispositivos.
- g.) Non se poderá volver a tomar en préstamo o mesmo libro electrónico ata que transcorran vinte e catro horas desde a súa devolución

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA. PRÉSTAMO DE LECTOR DE LIBROS ELECTRÓNICO

1. Poderán usar este servizo os/as usuarios/as da Rede de Bibliotecas do Grove con carné de lector, maiores de 18 anos, sempre que non estean sancionados/as. O/a usuario/a solicitará o dispositivo no mostrador de Información e Préstamo da biblioteca e será imprescindible a presentación do carné de lector e o DNI, NIE ou pasaporte como medio de comprobación da identidade, así como o impreso de solicitude debidamente cuberto e asinado. A sinatura da solicitude supón a aceptación das condicións do préstamo.
2. Normas de uso e préstamo:
 - a.) Prestarase exclusivamente un lector de libros electrónicos por persoa, cargado con 1000 títulos e cos accesorios oportunos.
 - b.) A duración do préstamo será de 15 días, con posibilidade de renovar unha vez polo mesmo período, sempre que non se superase a data do préstamo inicial, ou fose sancionado/a por devolver outro documento fóra de prazo en calquera das bibliotecas da Rede.
 - c.) As sancións por atraso na devolución consistirán no bloqueo do carné de lector e suspensión do servizo de préstamo nas bibliotecas públicas do Grove durante un período de 15 días por cada día de demora. Segundo a gravidade da sanción, a suspensión pode ser temporal ou indefinida.
 - d.) O atraso reiterado na devolución dos lectores electrónicos comportará unha suspensión temporal maior do servizo de préstamo da Rede de Bibliotecas do Grove, que será definitiva cando se produzan ata un máximo de tres atrasos reiterados.
 - e.) O/a usuario/a é totalmente responsable do equipo prestado, do seu uso, da súa custodia e coidado durante o período de préstamo. Son aparellos delicados, sobre todo a pantalla, polo que debe ter un especial coidado coas rabuñaduras e os golpes.
 - f.) O/a usuario/a non poderá manipular nin modificar o software, as aplicacións nin os compoñentes do dispositivo prestado. Tampouco poderá facer ningunha modificación nos libros cargados no dispositivo.
 - g.) Os equipos deben ser devoltos acesos, con todos os seus compoñentes e accesorios en bo estado, polo que o persoal da biblioteca comprobará, en presenza do/a usuario/a, que o equipo se entrega en perfectas condicións. Calquera anomalía ou mal funcionamento do lector de libros electrónicos debe comunicárselle ao persoal que atende o Servizo de Préstamo o antes posible.
 - h.) En caso de extravío, roubo, destrución ou deterioración do dispositivo ou da súa configuración, o/a usuario/a deberá reponer o lector con outro de iguais características ou reembolsar o seu custo ou, de ser o caso, reparar o dano causado. A non reposición suporá a retirada do carné de biblioteca e a perda do dereito ao préstamo nas bibliotecas públicas do Grove de forma definitiva, independentemente das medidas administrativas ou legais que dispoña a lexislación vixente.
 - i.) O persoal que atende o Servizo de Préstamo bloqueará o carné de usuario de forma cautelar desde o momento en que se detecte algunha anomalía nos equipos ou o incumprimento das normas de uso establecidas.
 - j.) O/a usuario/a comprométese a respectar en todo momento a lexislación vixente en materia de propiedade intelectual e a facer un uso adecuado do lector electrónico.
 - k.) A biblioteca resérvase o dereito de emprender aquelas accións que crea necesarias en caso de incumprimento desta normativa.

As anteriores medidas adoptaranse sen prexuízo da eventual esixencia da responsabilidade civil ou penal en que puider incurrir o usuario

DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCEIRA. PRÉSTAMO DE PORTÁTILES OU TABLETAS EN SALA

1. Poderán usar este servizo os/as usuarios/as da Rede de Bibliotecas do Grove con carné de lector, maiores de 18 anos, sempre que non estean sancionados/as. O/a usuario/a solicitará o dispositivo no mostrador de Información e Préstamo da biblioteca, e será imprescindible que presente o seu carné de lector, e o DNI, NIE ou pasaporte como medio de comprobación da súa identidade, así como o impreso de solicitude debidamente cuberto e asinado. A sinatura da solicitude supón a aceptación das condicións do préstamo.
2. Normas de uso e préstamo
 - a.) Prestarase exclusivamente un equipo por persoa cos accesorios oportunos.
 - b.) A biblioteca non proporciona dispositivos de almacenamento de datos e non se fai responsable da perda de información que puider producirse.
 - c.) A duración do préstamo será de 4 horas, con posibilidade de renovación se no momento da devolución houber outros equipos dispoñibles para o préstamo. A devolución efectuarase, en calquera caso, unha hora antes do peche das instalacións da biblioteca.
 - d.) As sancións por atraso na devolución consistirán no bloqueo do carné de lector e na suspensión do Servizo de Préstamo nas bibliotecas do Grove durante un período de 1 día por cada hora ou fracción de atraso. Segundo a gravidade da sanción, a suspensión pode ser temporal ou indefinida.
 - e.) O atraso reiterado na devolución comportará a suspensión temporal ou definitiva do servizo de préstamo nas bibliotecas do Grove cando se produzan atrasos reiterados ata un máximo de tres.
 - f.) O/a usuario/a é totalmente responsable do equipo prestado, do seu uso, da súa custodia e coidado durante o período de préstamo. Son aparellos delicados, polo que debe ter un especial coidado coas rabuñaduras e os golpes.
 - g.) O/a usuario/a non poderá manipular nin modificar o software, as aplicacións nin os compoñentes do dispositivo prestado.
 - h.) Os equipos deben ser devoltos acesos, con todos os seus compoñentes e accesorios en bo estado, polo que o persoal da biblioteca comprobará, en presenza do usuario, que o equipo se entrega en perfectas condicións. Calquera anomalía ou mal funcionamento do portátil debe comunicárselle ao persoal que atende o Servizo de Préstamo o antes posible.
 - i.) En caso de extravío, roubo, destrución ou deterioración do dispositivo ou da súa configuración, o/a usuario/a deberá reponer o dispositivo con outro de iguais características ou reembolsar o custo deste ou, se é o caso, reparar o dano causado.
 - j.) O persoal que atende o Servizo de Préstamo bloqueará o carné de usuario de forma cautelar desde o momento en que se detecte algunha anomalía nos equipos ou o incumprimento das normas de uso establecidas.
 - k.) O/a usuario/a comprométese a respectar en todo momento a lexislación vixente en materia de propiedade intelectual e a facer un uso adecuado do equipo.
 - l.) O mal uso deste servizo suporá a perda da condición de usuario/a das bibliotecas do Grove e poderán tomarse as medidas administrativas ou legais oportunas.

As anteriores medidas adoptaranse sen prexuízo da eventual esixencia da responsabilidade civil ou penal en que puider incurrir o/a usuario/a.

O Grove, 17 de decembro de 2013.—O Alcalde, Miguel Angel Pérez García.

2013011588

* * *